



CONCURSO de CHAPAS

PARA ALUMNADO de
3º e 4º da ESO e
1º e 2º de bacharelato
dos IES do Grove



BASES

PRESENTA OS TEUS DESEÑOS
DO 17 DE SETEMBRO AO 8 DE OUTUBRO DE 2018
NA CONSERXERÍA DO TEU CENTRO, NAS CASAS DA CULTURA,
OU ENVIÁNDOOS A normalizacionlinguistica@concellodogrove.es

CONCURSO DE CHAPAS ENGÁNCHATE AO GALEGO

BASES

Obxectivo

O Concurso de Chapas Engánchate ao Galego, promovido polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) do Concello do Grove, en colaboración coa Concellería de Educación deste ente local, ten por obxectivo fomentar o uso do galego entre a mocidade, nomeadamente, entre a xente nova, difundindo, asemade, mensaxes positivas en favor da lingua propia.

Tema

O tema será a lingua galega. O deseño da chapa levará un texto ou lema que fomente o uso da lingua galega, que poderá ir acompañado dun debuxo ou imaxe orixinal.

Participantes

Poderán presentar os seus traballos as alumnas e os alumnos de **3º e 4º de ESO e 1º e 2º de bacharelato** dos centros públicos de ensino do municipio do Grove.

Condições e formas de presentación das obras

Cada participante poderá presentar dous deseños. Estes deberán ser orixinais e inéditos, e non puideron estar reproducidos ou ser difundidos previamente en ningún tipo de soporte ou medio (publicacións escritas, páxinas web, redes sociais etc.).

Non poderán aparecer datos persoais da autora ou autor no traballo que se entregue. Os datos deberán ir nun documento á parte.

O formato de presentación deberá ser preferentemente dixital, aínda que tamén serán aceptados traballos en papel ou cartolina.

- Se os traballos se presentan **dixitalmente**, deberán enviarse ao correo normalizacionlinguistica@correodogrove.es nun arquivo adxunto (en formato jpg, png ou pdf) coa máxima resolución posible. No mesmo correo electrónico anexarase outro documento adxunto á parte (en formato Word ou Writer) cos datos persoais da autora ou autor: nome e apelidos, teléfono de contacto, curso e centro de estudos. Como asunto do correo porase: “Concurso de Chapas Engánchate ao Galego”, así como un pseudónimo
- Se os deseños se presentan en soporte **papel**, este deberá ser dun tamaño DIN A4 (210×297 mm) e poderán presentarse na conserxería dos propios centros educativos, na biblioteca municipal do Grove (de luns a venres, de 9.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.30 horas) ou na axencia de lectura de San Vicente (de luns a venres, de 16.00 a 20.30 h). Neste caso os traballos presentaranse nun sobre pechado. No exterior do sobre indícarase “Concurso de Chapas Engánchate ao Galego”, así como un pseudónimo. Dentro do sobre haberá outro máis pequeno que conterá os seguintes datos: nome e apelidos, número de teléfono da autora ou autor; curso e centro educativo onde está matriculada ou matriculado.

Dado que o material de soporte van ser chapas, os deseños deberán ser circulares.

Prazo

O prazo de presentación dos traballos iníciase o **17 de setembro** e remata ás 14.00 h do luns **8 de outubro** de 2018.

Premios

Os traballos premiados recibirán como agasallo:

- 1º premio: un bono valorado en 50 €
- 2º premio: un bono valorado en 30 €
- 3º premio: un bono valorado en 20 €

Os anteditos bonos serán válidos para cambiar por libros ou material audiovisual en galego nunha librería do Grove.

Ademais, o Concello do Grove fará unha tiraxe de **600 chapas de 38 mm de diámetro dos tres deseños gañadores** (300 do deseño galardoado co 1º premio, e 150 de cada un dos deseños galardoados co 2º e 3º premios, respectivamente) para seren repartidas entre a comunidade educativa local.

Xurado

Constituirase un xurado composto por diversos membros relacionados coa lingua galega, co deseño gráfico e/ou coas belas artes. A decisión do xurado, que será inapelable, farase pública o daranse a coñecer o día **10 de outubro** de 2018. O xurado resérvase a posibilidade de declarar calquera dos premios deserto.

Criterios de valoración

- Orixinalidade
- Calidade creativa
- Adecuación ao tema
- Capacidade e claridade de transmitir a mensaxe
- Uso correcto da gramática e da ortografía galegas

Dereitos de reprodución

Os traballos premiados quedarán en propiedade do Concello do Grove, que se reserva o dereito de reprodución, sen que por iso supoña ou sexan esixibles dereitos de autor.

Con todas os deseños presentados no concurso realizarase unha exposición (lugar e data por determinar).

A participación neste concurso presupón a aceptación destas bases.

O Grove, setembro de 2018